

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 2 DE XUÑO DE 1995.-

Na Casa do 1ºtmo. Concello de Ribadavia o día dous de Xuño de mil novecentos noventa e cinco; ás doce da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren unha sesión extraordinaria da Comisión Municipal de Goberno oportunamente convocada: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Don Xosé Prieto Pérez, e Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.

Está presente o Secretario accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno aproba por unanimidade o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 24 de Maio pasado.

2.- OBRAS MAIORES.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Sr. Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen prexuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A Don Manuel Arías Muradás, veciño desta Vila, con domicilio na rúa do Ribeiro, nº 10, para que no inmobile sito no devandito lugar poida proceder á ampliación de edificación adosada; as condición que deberá cumprir son as que figuran no proxecto que forma parte do expediente e tamén as do ANEXO; a entreplanta que figura no proxecto non se poderá construír por carecer da altura mínima de 2,50 metros; adoptará as medidas de seguridade apropiadas e tamén procederá ó valado frontal da obra. A validez

desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva a liquidación provisional paracticada os efectos do Imposto de construción, instalación e obras desta licencia, o cal importe é de 285.881 pesetas.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

Visto o escrito presentado por Don Fernando Pérez Martínez, veciño de Ourense, con domicilio na rúa Antonio Puga, nº 34, 3ª D, no que interesa información urbanística dunha finca sita na estrada de Francelos e Camiño da Cabrita, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade presta aprobación ó informe emitido polos servizos técnicos do Concello que di: "CALIFICACION URBANISTICA.- Segundo ED TRAVESIA DE FRANCELOS.- Ordenanza aplicable RC IV.- Aliñacións as correspondentes ó plano nº 4.2, escala 1:500, que se facilita copia co presente informe; fondos de edificación, 20,00 metros; ordenanza aplicable 14.1 RC: Residencial Cerrada.- DEFINICION: Espacio en ordenación cerrada con patios interiores, de uso xeneralmente de vivenda en plantas altas e de varios usos na baixa. Na planta soto só se permitirá o uso de garaxe-aparcamento ou como almacén anexo ó uso comercial na planta baixa.- USOS ADMITIDOS: Residencial, vivenda colectiva ou unifamiliar entre medianeiras; Industrial, categoría 1ª; Comercial, tódolos graos; Dotacional, 1º grao.- NORMAS DE VOLUME: Aliñacións e rasantes as do planeamento.- CONDICIONS DE PARCELACION: Solar mínimo, 60 m/2, fronte mínima seis metros; poderán admitirse menores dimensións por xustificada imposibilidade física derivada do parcelario.- CONDICIONS DE EDIFICACION: Ancho da rúa de 10 a 20 metros; altura de cornisa, 13,50 metros; número de plantas, 4; fondo de edificación, 20 metros; o espacio interior do polígono delimitado trazando parcelas ás aliñacións exteriores á distancia sinalada como fondo de edificación será considerada como patio de mazá; permítese aproveitamento baixo cuberta habitable sen computar a efectos de edificabilidade; a planta soto poderá ocupa-lo patio de mazá.

Visto o escrito de Don Fernando Pérez Martínez, veciño de Ourense, con domicilio na rúa Antonio Puga, nº 34, 3ª dereita, no que interesa certificación de segregación en tres parcelas dunha finca sita en San Lázaro, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servizos técnicos deste Concello, que di o seguinte: "REPARCELACION E FUTURA URBANIZACION: Previo á concesión de calquera licencia de edificación, deberase aportar un proxecto

conxunto de urbanización que abrangue a unidade de actuación delimitada e que abarcará a estrada de Francelos e Camiño da Cabrita de subida á vella N-120; na estrada de Francelos completarase o existente, enlazando os servicios; no camiño da Cabrita definiranse as cotas da totalidade e o proxecto de obra comprenderá soamente a fronte da unidade de actuación ó eixe da vía que será de 12,00 metros, segundo sinalada o E.D..- As obras de urbanización acometeranse e responderán solidariamente tódolos propietarios das futuras parcelas nas porcentaxes que estos acorden en función dos aproveitamentos que se asignen.- Cederán os terreos para viais, cerrando as parcelas na liña definitiva segundo a aliñación do E.D..- A unidade de actuación defínese coma finca matriz de 890,50 m/2 e que se representa no plano a escala 1:500, plano asinado polo Arquitecto Alberto de Paula Prieto.- A parcelación ou fraccionamento que se propón da finca matriz de 890,50 m/2 en tres partes denominadas "1", "2" e "3" é factible por non ser contraria ó que determina a ordenanza 14.1 do correspondente E.D. donde fixa "Solar mínimo 60 m/2 e fronte mínima, 6 metros.- O plano que se aporte correxirase de forma que o ancho da rúa de subida polo camiño da Cabrita coincida co ancho de 12 metros segundo sinala o E.D..- Deberá aportarse o correspondente Proxecto de Reparcelación segundo determina o artigo 80 e seguintes do Regulamento de Xestión Urbanística, donde se fará constar entre outras que non hai prexuízo para terceiros e para a propia Administración".

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade toma coñecemento da xestión presupostaria da Feira do Viño de 1995.

A Comisión Municipal de Goberno acorda por unanimidade, aproba-la factura relativa á contratación de espectáculos artísticos con motivo da Feira do Viño coa Empresa LORMAN, por importe de 1.078.800 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, acorda por unanimidade, as autoliquidacións do prezo público por ocupación terreos públicos con postos, barracas, espectáculos, etc., con motivo da Feira do Viño e, por importe total de 1.236.000 pesetas, segundo detalle que consta no expediente da Feira do Viño de 1995.

ADXUDICACION DEFINITIVA DA OBRAS DE EDIFICIO USOS MULTIPLES:

CORREOS, FASE II-A.- Examinado o expediente da obra denominada Edificio de Usos Múltiples: Correos, fase II-A e unha vez evacuadas as consultas oportunas cos contratistas convidados a dita contratación, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a adxudicación definitiva da contratación directa da obra Edificio de Usos Múltiples: Correos, fase II-A (estructura xeral), segundo o proxecto técnico redactado polo Arquitecto, Don Xulio Touza Rodríguez, a Construccions Fidalgo, con domicilio na Quinza, deste Municipio, polo prezo de 9.437.322 pesetas, IVE incluído, por se-la proposición máis avantaxosa das presentadas. Na súa consecuencia, esta Comisión Municipal de Goberno, dispón que se lle notifique á empresa adxudicataria esta decisión ós efectos de que presente os documentos preceptivos e o documento que acredite a constitución da garantía definitiva, citándolle para a formalización do correspondente contrato administrativo, no prazo de cinco días contados a partir da data de notificación.

ADXUDICACION DEFINITIVA DA OBRAS DE EDIFICIO USOS MULTIPLES: CORREOS, FASE II-B.- Examinado o expediente da obra denominada Edificio de Usos Múltiples: Correos, fase II-B e unha vez evacuadas as consultas oportunas cos contratistas convidados a dita contratación, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a adxudicación definitiva da contratación directa da obra Edificio de Usos Múltiples: Correos, fase II-B (estructura xeral), segundo o proxecto técnico redactado polo Arquitecto, Don Xulio Touza Rodríguez, a Construccions Fidalgo, con domicilio na Quinza, deste Municipio, polo prezo de 7.881.030 pesetas, IVE incluído, por se-la proposición máis avantaxosa das presentadas. Na súa consecuencia, esta Comisión Municipal de Goberno, dispón que se lle notifique á empresa adxudicataria esta decisión ós efectos de que presente os documentos preceptivos e o documento que acredite a constitución da garantía definitiva, citándolle para a formalización do correspondente contrato administrativo, no prazo de cinco días contados a partir da data de notificación.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda nomear a Don Elías Pato Rodríguez, Aparellador Municipal, director da obra denominada "Edificios de Usos Múltiples: Correos".

E sendo as doce e media da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario

accidental, certifico.